



Compostela
Cultura

2025 / 2026

CON
TEM
PORÁ
NEAS

CON
TEM
PORÁ
NEAS

P 8

21 OUTUBRO

GRUPO INSTRUMENTAL SIGLO XX
MAMÃ, EU QUERO SER DE AUGA

P 14

26 NOVEMBRO

ISABEL DOBARRO
KALEIDOSCOPE

P 20

9 DECEMBRO

ANDRÉ CEBRIÁN / PEDRO MATEO
GONZÁLEZ
CARTOGRAFÍA DO MAR

P 26

13 XANEIRO

VERTIXE SONORA
SEMENTEIRA PARA CINCO MÚSICOS

P 30

3 FEBREIRO

TRÍO ZUKAN
URa

P 34

10 MARZO

MÚSICA PRÁCTICA / ABRAHAM CUPEIRO
CONSTELACIÓNS DE AUGA

P 40

13 ABRIL

PLURALENSEMBLE / FABIÁN PANISELLO
NIEVE SOBRE NIEVE

P 46

12 MAIO

NACHO MUÑOZ / SOL ÁLVAREZ
COMPOSTELA IN-AUDITA

P 50

23 MAIO

COLECTIVO GALIZA EMOCIONAL / NACHO
MUÑOZ / SOL ÁLVAREZ / MARCOS PTT
SARELA CAUDAL SONORO

P 54

31 MAIO

PULSO ENSEMBLE
LABORATORIO SONORO INCLUSIVO

CON TEM PORÁ NEAS

A auga como símbolo de transformación, fluidez, desexo e lembranza serve como fío condutor deste ciclo con obras que exploran a fragilidade da existencia, a transparencia da emoción e a profundidade da música. A auga, forza vital e metáfora universal, acompáñanos como símbolo de pureza, transformación e renacemento. Mais xunto coa súa beleza e o seu misterio, tamén leva ás costas paradoxos e feridas: a auga que abre soños é a mesma que engole vidas; a que alimenta e renova é tamén obxecto de abuso e de escaseza; a que se ofrece como espello de serenidade pode arrasar coa súa furia imparable. Nestes tempos, falar da auga é falar do sagrado e do político, do que flúe libremente e do que se privatiza, do que nos une e do que nos separa.

Na música dos séculos XX e XXI, a súa presenza non só se manifesta no xesto evocador da paisaxe sonora, senón tamén na estrutura mesma da composición, na fluidez das texturas, na erosión do tempo e na procura dun son que, como a auga, nunca é o mesmo. Esta ambivalencia atopou un campo fértil de exploración, de xeito que compositoras e compositores xa non se conforman con representala no seu aspecto visual, senón que afondan na súa esencia inasible: o seu movemento perpetuo, o seu poder de erosión, a súa capacidade de diluír fronteiras. A auga convértese así en principio estrutural, en metáfora sonora e en materia viva da creación.

Este programa propón un percorrido por esas múltiples dimensións. Por unha banda, como imaxe sonora: o silandeiro rumor, a harmoniosa vastidade, a resoante ondada ou o goteo persistente. Por outra, a auga como modelo compositivo: texturas que flúen en suspensión, harmonías que se desfán como espuma, formas que se esvaecen como ondas na superficie.

Cada obra propón unha forma de escoita distinta: unhas convidan a contemplar a transparencia dun reflexo, outras a perderse na deriva dun torrente sonoro. Entre o descritivo e o abstracto, entre a imaxe e a forma, estas músicas lembran que a auga é, ante todo, unha maneira de pensar o son.

Desde o eco do impresionismo tardío e ata a experimentación electroacústica contemporánea, cada obra despreza unha maneira distinta de pensar as sonoridades en pezas caracterizadas pola súa fluidez formal, tímbrica e dinámica, evocando movemento, transparencia e profundidade. Mais aló da metáfora artística, a auga tamén nos lembra a súa dimensión ética e política. Nun mundo atravesado por crises hídricas, contaminación e desigual acceso a este recurso esencial, escoitala na música é confrontar as súas contradicións: fonte de vida e de conflito, de sonhos e de traxedias. Talvez, nesta escoita, se atope un espazo para imaxinar outras formas de relación co líquido: non como dominio nin como consumo, senón como diálogo e respecto.

Este programa só pretende abrir un espazo de reflexión e resonancia entre a natureza e a arte, entre a memoria e a experimentación sonora, entre o presente convulso e a posibilidade dun futuro distinto. Convidamos o público a mergullarse nestas correntes musicais, a deixarse arrastrar polo seu caudal e a descubrir como a auga —tan necesaria como fráxil, tan luminosa como implacable— se converte en metáfora e materia da música contemporánea.



GRUPO INSTRUMENTAL SIGLO XX



Adriana Aranda, voz e audiovisuais
Florian Vlashi, dirección e violín
Caroline Bournaud, violín
Raymond Arteaga, viola
Millán Abeledo, violoncello
Joan Ibáñez, frauta
Alba Barreiro, arpa

MAMÁ, EU QUERO SER DE AUGA

George Crumb (1929-2022)

Federico's little songs for children (1986)

La señorita del abanico / La tarde / Canción cantada /
Caracola / ¡El lagarto está llorando! / Cancioncilla sevillana /
Canción tonta

Kaija Saariaho (1952-2023)

*Changing light** (2002)

*Miranda's Lament** (2000)

Helena Cánovas i Parés (1994)

*Songs of Karoline** (2022)

Zwei Augen wie Sterne / Liebste du das Dunkel / Die Einzige /
Liebe

Earl Kim (1920-1998)

*Where Grief Slumbers** (1982)

Listen to it rain / From Drunken Boat / It's raining / Ophelia /
The Farewell / The Departure / The girl with orange lips

*Estrea en España

21 OUTUBRO

20.30 h: Concerto
Sala Mozart
Auditorio de Galicia

Grupo Instrumental Siglo XX

O Grupo Instrumental Siglo XX, fundado en 1996 polo violinista Florian Vlashi en homenaxe ao «Gran Século», interpreta as mellores obras de música de cámara do século XX ata hoxe. Integrado por solistas da Orquestra Sinfónica de Galicia, procedentes de máis de dez países cunha ampla traxectoria internacional, combina excelencia artística cun forte compromiso de divulgación da música contemporánea. A súa actividade inclúe concertos didácticos, conferencias e clases abertas, que achegan á mocidade autores como Stravinski, Berio ou Xenakis. O contacto directo cos compositores permitiulles estrear máis de 84 obras e incorporar ao seu repertorio máis de 200 pezas de figuras como Falla, R. Strauss, Messiaen ou Ligeti.

Participou en festivais estatais e internacionais como o Mozart da Coruña, CDMC de Madrid, Bienal NMK de Dures (Albania), Verona ou Remusica (Kosovo), obtendo excelentes críticas e grande acollida. Os seus concertos foron gravados por Radio Clásica (RNE) e retransmitidos por LA2 e o Canal Internacional, como o celebrado no Auditorio Nacional de Música de Madrid. Sempre aberto a novos proxectos, o grupo combina música con poesía, teatro, danza, vídeo e artes plásticas. Entre as súas publicacións destacan o *CD Manuel Balboa-Obra completa para conxunto instrumental* (Verso), o DVD *O arame* de Juan Durán e o CD coas obras premiadas no XXIII Premio Jóvenes Compositores 2012 Fundación Autor-CNDM.

Adriana Aranda

Nacida en Barcelona, estudou canto clásico e contemporáneo no Conservatori Superior de Música del Liceu e cursou dous mestrados, un de *Lied* —especialidade en música contemporánea— outro en música de cámara. Foi alumna de Dolors Aldea (discípula de Gérard Souzay), Francisco Poyato, Wolfram Rieger, Dalton Baldwin, Ulrich Eisenlohr, Burkhard Kehring, Cindee Sanner ou Elena Copons, entre outros, e bolseira da Fundació Victoria de los Ángeles e de Wolfram Rieger. No ámbito do *Lied* actuou en Barcelona e en diferentes cidades españolas,

colaborando con Ian Burnside e Roderick Williams en *Die schöne Magelone* de Brahms no marco do LIFE Victoria Lied Festival. Desde 2020 integra o Duo Aramai (voz e guitarra clásica), presente en festivais como Art Llobet Guitar ou Garrigues Guitar Fest. No eido da música contemporánea participou na Voix Nouvelles Academy en Royaumont (Francia, 2019) con Donatienne Michel-Dansac e colaborou con *ensembles* como Arxis, Vertixe Sonora, CrossingLines, Barcelona Modern ou o Grupo Instrumental Siglo XX, en festivais como RESIS, OUT·SIDE ou Música als Masos, ademais de actuar na Real Academia de España en Roma. Entre 2017 e 2022 participou en proxectos pluridisciplinares con outras compañías e artistas como Ópera de Butxaca, en espazos como o Grec Festival, La Palanca, Festival de los Castillos, Espai La Seca-Joan Brossa, Théâtre Christian Liger de Nîmes ou Caves Ecoiffier de Alénia. Dentro do proxecto Òh!Pera, dirixido por Àlex Ollè, estreou no Gran Teatre del Liceu *L'ocell redemptor* (2022), *In the beginning everything was white* (2023) e *Azul como una naranja* (2024).

Florian Vlashi

Orixinario de Albania, Florian Vlashi, comezou os estudos de violín aos seis anos, guiado polo seu pai, o escritor e director de teatro Gjergj Vlashi. Formouse con V. Papa, R. Stefi e I. Madhi, e obtivo por unanimidade o primeiro posto na Academia de Belas Artes de Tirana. En 1989 recibiu o Primeiro Premio no Concurso de Solistas e de Orquestras Sinfónicas de Albania e foi director e solista da Orquestra de Corda Jan Kukuzeli, coa que realizou concertos e gravacións para RTVA, ademais da súa primeira xira por Italia. Desde 1992 é membro da Orquestra Sinfónica de Galicia e perfeccionou a súa técnica con G. Egger (Bachakademie Stuttgart) e L. Muller (concertino da Orquestra de Cámara de Viena). A súa carreira abrangue a interpretación, a pedagogía e a investigación, con publicacións e conferencias en centros como o Conservatorio Superior da Coruña ou as Universidades da Coruña, Santiago e A Rioxa. Tocou en institucións como o Centro de Arte Reina Sofía, Fundación Juan March, Auditorio Nacional de Madrid, CAIM de Salamanca, CAI-Zaragoza, Academia de España en Roma, Instituto Cervantes en Nápoles, Estate Musicale Maffeiana de Verona, así como en Suíza, São Paulo, Montevideo, Prístina

ou numerosos festivais en Galicia e España. Colaborou co Plural Ensemble de Madrid e compositores como E. Buharaja, C. López García, J. Vara, X. de Paz, P. Pereiro, D. Malumbres, J. Durán, F. Buide, A. Koci ou W. Rosinskij dedicáronlle obras. En 1996 fundou o Grupo Instrumental Siglo XX, co que estreou máis de 200 obras, moitas delas encargos propios. Os seus concertos foron gravados por Radio Clásica (RNE) e retransmitidos por La2 e o Canal Internacional de España. Vlashi toca un violín francés de J. Bocquay do século XVIII.



Yo quiero ser de agua, dicía García Lorca, nunha das súas imaxes máis evocadoras. A auga, símbolo de transformación, fluidez, desexo e lembranza, serve de fío condutor neste concerto con obras que exploran a fragilidade da existencia, a transparencia da emoción e a profundidade da alma. Na obra de **Saariaho**, a figura de Miranda —tomada d'*A tempestade* de Shakespeare— sitúase nunha illa onde o mar adquire función dramática e expresiva. **Crumb** percorre á poesía lorquiana para evocar un universo infantil no que a auga, asociada ao río, á lúa e aos soños, devén reflexo do inconsciente. Finalmente, **Kim e Cánovas**, sen aludir directamente á auga, constrúen paisaxes sonoras de fluidez estrutural, tímbrica e dinámica, remitindo ao acuático como estado anímico. Texturas vaporosas, dinámicas extremas e formas non lineais configuran unha estética que lembra o movemento, a transparencia e a profundidade do líquido, e consolida unha poética común co elemento acuoso como expresión subxectiva.

George Crumb, figura clave da música norteamericana da segunda metade do século XX, destacou polo refinamento técnico, a exploración tímbrica e a teatralidade expresiva. Admirador incondicional de Lorca, musicou desde os anos sesenta obras como *Libro de Poemas*, *Poema del Cante Jondo*, *Bodas de Sangre*, *Yerma*, *Canciones* ou *El Diván del Tamarit*. Tras *Ancient Voices of Children* (1970), a súa inspiración renace a mediados dos oitenta coa tenrura das *Canciones para niños do poeta Federico's Little Songs for Children* é, posiblemente, a obra máis luminosa,

irónica e alegre da súa serie lorquiana: nela combina voz e arpa con catro tipos de frautas para recrear sons e escenas concretas, como o canto dos grilos —ao son do frautín— ou os ritmos pausados —na frauta baixa—.

Malia medrar nunha familia sen particular interese na música, **Kaija Saariaho** sentiuse, desde nena, atraída polos sons e as emocións que estes podían evocar. Formouse na Academia Sibelius de Helsinki, onde foi a única muller na clase de Paavo Heininen, e no IRCAM de París, que influíu no seu estilo caracterizado por texturas ricas e misteriosas que mesturan música instrumental e electrónica. A súa obra revela unha fonda ligazón coa natureza, herdanza da súa Finlandia natal. En *The Tempest Songbook* (sobre *A tempestade* de Shakespeare) propón un canto natural fronte ao estilo operístico, cunha liña melódica que se funde nun tecido instrumental en continua transformación. A orquestración, concibida para voz e oito intérpretes, resulta magnética tanto polas combinacións inusuais de baixo, arpa e viola como polo uso inesperado de parellas tradicionais como frauta e violín. *Miranda's Lament* (1997, rev. 2000) mergulla o oínte nun laio mariño onde a voz é escuma, eco e vento; *Changing Light* (2002), sobre un texto do libro de oracións xudeu *Siddur sin shalom*, é unha peza íntima e delicada que reflicte a fraxilidade da existencia a través do diálogo entre soprano e violín, unha conversa na que a liña vocal se entrelaza e enfeita cos arabescos impresionistas do instrumento.

Helena Cánovas, licenciada polo Conservatorio Superior de Aragón conta con mestrados en Composición-Música Instrumental, con Markus Hechtle, e en Composición-Música Electrónica, con Michael Beil. En 2021 recibiu o Premio Carmen Mateu Young Artist European Award, un recoñecemento á orixinalidade da súa linguaxe compositiva e á súa visión escénica e teatral. A súa escritura musical, xenuína e sensible, crea texturas sonoras que evidencian a súa atracción pola confluencia de música instrumental e electrónica, así como pola relación entre música e texto. *Songs of Karoline*, escrita para soprano, violín e arpa por encarga do Gilu Trio, baséase nun poema de Karoline von Günderrode, a «Safo do Romanticismo», quen en 1806 deixa o seu corpo ás augas do Rhin

tras unha decepción amorosa. A obra explora a interacción entre voz e instrumentación reducida, construíndo pequenas escenas nas que os textos aparecen como confesións íntimas da poeta.

Californiano de orixe coreana, **Earl Kim** estudou nos Ánxeles e Berkeley con mestres ben coñecedores da tradición europea como Schoenberg, Bloch ou Roger Sessions. Impartiu aulas en Princeton e converteuse no primeiro profesor titular coreano-americano en Harvard. Recoñecido como compositor e docente, destacou tamén polo seu compromiso ético: negouse a asinar o xuramento de lealdade no macartismo e cofundou Músicos contra as Armas Nucleares (MANA). O seu estilo, influído por Schubert e centrado na voz humana, caracterízase pola economía de medios, a precisión e a quietude, equilibrando silencio e son cunha gran sensibilidade harmónica. As súas obras adoitan basearse en textos literarios de autores como Beckett, Baudelaire, Rimbaud, Rilke, Anne Sexton, ou Apollinaire. Precisamente o poema *Il pleut* (Chove) deste autor francés, no que as palabras caen como fino orballo, e un verso de Rimbaud, *Le bateau ivre* (O barco ebrio) inspiraron o seu ciclo de cancións *Where Grief Slumbers* (Onde dorme a dor). Imaxes de choiva, neve, mar e as quedas augas negras do río que arrola a Ofelia únense á reflexión sobre o adeus e a perda.

ISABEL DOBARRO



Isabel Dobarro, piano

KALEIDOSCOPE

Carolyn Morris (1970)

Blue Ocean (2021)

Danaë Xanthe Vlasse (1981)

Fantaisie#2 «Swan Song» (2013)

Nkeiru Okoye (1972)

African Sketches (2003-2004, 2015)

Dusk / Dancing Barefoot in the Rain

Karen Tanaka (1961)

Water Dance (2008)

Very lightly with flow / Very softly with shimmering light /

Very lightly, like a harp

Marisa Manchado Torres (1956)

Dunas (2019)

Ann Southam (1937-2010)

Rivers (1981)

Zulema de la Cruz (1958)

Estudios sobre el agua (2000-2005)

Olas / Gotas / Espumas

Consuelo Díez (1958)

Rumores de El Puerto (2009)

Carme Rodríguez (1996)

Alalá das Paisaxes Verticais (2021)

26 NOVEMBRO

20.30 h: Concerto
Sala Mozart
Auditorio de Galicia

Isabel Dobarro

Pianista compostelá, é recoñecida tanto pola súa intensa actividade concertística como polo compromiso coa visibilidade de compositoras. Actuou en escenarios emblemáticos como o Stern Auditorium do Carnegie Hall, Palau de la Música Catalana, Teatro Colón de Bos Aires, Conservatorio Chaikovski de Moscova e en salas de Alemaña, Italia, Portugal, Bélxica, Reino Unido, Arxentina e España. Distinguida en numerosos concursos internacionais, colaborou como solista con orquestras como a Real Filharmonía de Galicia, a OSSB de Barcelona, a Orquestra Filarmónica de Braga e a Málaga Camerata, baixo dirección de Michael Thomas, Claudia Dubé ou Diego Masson. Participou en festivais como o Internacional de Música de Segovia, Música en Compostela, Música Española de Cádiz e o Gijón International Piano Festival.

Especialmente activa na recuperación e difusión de creadoras, interpretou e estreou obras de Clara Schumann, Marianna Martínez, Consuelo Díez, Diana Pérez Custodio, Mercedes Zavala ou Marga Richter, liderando proxectos como *Women in Music* ou a homenaxe internacional a Pauline Viardot, que incluíu concertos, conferencias e a gravación de *The Unknown Pauline Viardot*, disco aclamado por *Opera News* e galardoado co Melómano de Oro. Gravou obras de compositoras contemporáneas con artistas como Anna Tonna e Miguel Borrego (Premio Nacional de Música), e estreou traballos de Eduardo Soutullo, Octavio Vázquez e Juan Durán. Cunha visión comprometida e transversal, integra o seu labor artístico en proxectos de impacto social, que vinculan a música cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas.

É doutora pola Universidade de Nova York, onde comezou a impartir clases aos 19 anos. Formouse tamén na Manhattan School of Music (Professional Studies Degree), no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid (Grao Superior de Piano) e na Universidade de Nova York. Ademais, completou o Grao en Dereito na UNED e estudos de Dereito na NYU, así como cursos de sustentabilidade na SDG Academy. En Harvard obtivo un Certificado en Business pola HBX Business School;

completou un curso de liderado na Universidade de Cambridge, e no IE Law School cursou un dobre mestrado en acceso á avogacía e asesoría xurídica bilingüe.



Isabel Dobarro presenta na súa Compostela natal o seu último traballo discográfico, candidato aos Premios Grammy Latino como mellor álbum clásico, unha aposta ecléctica pola creación feminina, de marcada diversidade cultural, xeográfica e estilística. O programa artéllase arredor da auga como metáfora simbólica, estética e evocadora, e mostra como distintas linguaxes e tradicións converten o líquido en vehículo de exploración sonora.

A australiana **Carolyn Morris**, formada en música e na singular comunicación Kenja, busca estimular a imaxinación de intérprete e público, inspirándose na natureza para transmitir a esencia humana. En *Blue Ocean* evoca a amplitude do océano cun discurso lírico dominado pola tímbrica.

De pai grego e nai francesa, **Danaë Xanthe Vlasse** gañou un Grammy co disco *Mythologies* cuxa segunda entrega tamén foi candidata ao Mellor Álbum de Música Clásica. *Fantaisie#2*, inspirada na lenda grega do canto do cisne —que entoa unha única e memorable melodía xusto antes de morrer—, reflicte o conflito interior ante o inminente final, expresando o seu lamento cun tema principal cromático e inestable. A obra é un relato musical con duetos que evocan a división entre corpo e alma, combinando momentos de claridade e pasaxes de delirio, evidenciando o desequilibrio emocional do cisne e construíndo a súa complexa textura desde unha liña melódica superior, con arpejos harmónicos constantes e unha voz interior desprazada, símbolo da loita interna, e con recursos como glissandos ascendentes, cruces de mans e un toque lixeiro que suxire o bater das ás, o pulso vacilante e a conciencia que pouco a pouco se extingue.

A neoiorquina **Nkeiru Okoye**, afroamericana de raíces nixerianas, formouse en composición, piano e dirección no Conservatorio de Oberlin, a Universidade de Rutgers e a Manhattan School of Music. O New York Times cualificouna de «apaixonante» e «evocadora». O seu catálogo aborda a historia da comunidade negra —como a ópera *Harriet Tubman*— e tamén tradicións africanas. En *African Sketches* (dos que se interpretan *Dusk* e *Dancing Barefoot in the Rain*) combina elementos da tradición africana cunha linguaxe contemporánea, xerando atmosferas que remiten tanto á vida cotiá como á dimensión simbólica da natureza.

Nacida en Tokio, **Karen Tanaka** formouse na Escola Toho Gakuen desa cidade, en París con Tristan Murail e no IRCAM. Ampliou estudos con Luciano Berio e foi bolseira do Laboratorio de Compositores de Longametraxes do Instituto Sundance titorizada polos mellores compositores de Hollywood. *Water Dance*, encargada en 2008 pola pianista norueguesa Signe Bakke, quen a estreou en 2011, é unha obra en tres movementos que utiliza variados recursos para crear unha ampla gama de efectos de luz e sombra. Timbre, harmonía e textura evocan Noruega e o fluxo constante da auga, en estruturas pianísticas transparentes e en transformación continua.

O catálogo de **Marisa Manchado** reflicte a súa sensibilidade e a súa creatividade. As súas composicións céntranse nunha técnica precisa mais tamén procuran transmitir emocións e universos sonoros. *Dunas* evoca imaxes de territorios áridos, vastos e misteriosos, baixo a idea da transformación constante e a resistencia, características presentes nas paisaxes faltas de auga, desérticas. A peza alterna calma e tormenta, cun piano que transita da introspección á intensidade emocional, convidando a reflexionar sobre a relación entre natureza e experiencia interior.

A canadense **Ann Southam** achégase ao dodecafonismo dun xeito moi propio ata, nos 80, comezar a escribir música electrónica e electroacústica influída polos minimalistas estadounidenses Terry Riley e Steve Reich. O cambio de referentes coincidiu co seu redescubrimento das posibilidades dos instrumentos acústicos grazas á pianista Christina Petrowska-Quilico, con quen colaborou para gravar *Glass Houses* e *Rivers*.

Southam compuxo *Rivers*, obra representativa do seu estilo —incluída a influencia do minimalismo norteamericano, pero cunha sensibilidade máis introspectiva e lírica—. Nela explora texturas fluídas, estruturas repetitivas e variacións rítmicas e harmónicas que evocan o movemento constante da auga a través dunha serie de pezas abertas, sen orde fixa, que poden interpretarse de diversas maneiras, outorgándolle unha calidade viva e cambiante, como o movemento dun río.

Zulema de la Cruz estudou no Real Conservatorio de Madrid e na Universidade de Stanford, onde afoondou na informática musical e na composición asistida por ordenador. Considerada pioneira en España polo seu traballo na integración de tecnoloxías dixitais na creación musical, o seu multipremiado catálogo inclúe todos os xéneros e é interpretado en innumerables festivais e ciclos de sona internacional. *Estudios sobre el agua* é un tríptico no que a autora propón unha experiencia sonora inspirada no movemento fluído e cambiante da auga a través de texturas delicadas, arpejos brillantes e contrastes dinámicos sutís. A peza evoca unha riqueza tímbrica como alusión poética á auga como símbolo de transformación, de beleza en constante movemento e cada un dos estudos funciona como un pequeno poema musical pensado con base na proporción áurea. O material compositivo está relacionado co título e cada un explora, desde o son, o vaivén continuo das ondas e a súa precisión rítmica; a lixeireza das gotas e a textura efémera da espuma.

Tamén formada no Real Conservatorio de Madrid, **Consuelo Díez**, é doutora pola Universidade de Hartford. Dirixiu importantes festivais e centros de música contemporánea en España, foi pioneira na música electroacústica ademais de colaboradora en numerosas gravacións, publicacións e programas culturais e a súa obra é interpretada en relevantes escenarios nacionais e internacionais. *Rumores del Puerto* é unha homenaxe da compositora a Isaac Albéniz no centenario da súa morte, que se inspira nas obras do compositor: *El Puerto*, do primeiro caderno de Iberia, e *Rumores de La Caleta de Recuerdos de Viaje*. A composición reflicte unha forte personalidade no estilo, un fondo coñecemento da técnica e das posibilidades do piano e amosa a capacidade para captar a linguaxe e o espírito da música de Albéniz que

Díez tanto admira. Na partitura tamén asoma unha cita de *Cartas a la oscuridad*, obra de gusto moi albeniciano en certas pasaxes xurrido de forma non consciente e que nesta obra cobra unha nova e enriquecedora dimensión.

Carme Rodríguez graduouse en Composición de Músicas Contemporáneas en Madrid. Compón bandas sonoras de filmes, curtametraxes e proxectos orquestrais, para cine, teatro e televisión. Recibe numerosos encargos, estreados por recoñecidas orquestras, *ensembles* e solistas, premiados en concursos estatais e estranxeiros. A súa experiencia compositiva e o seu dominio da orquestración danlle gran versatilidade nos traballos sobre texturas harmónicas detallistas pero sen obviar a emoción como eixe vertebrador dunha música ecléctica, entre o pasado e o presente. Na súa obra, a música tradicional galega recibe un tratamento rico en capas contrastantes, dando lugar a un exemplo sen palabras da antiga tradición folclórica. *Alalá das Paisaxes Verticais*, dedicada a Isabel Dobarro, evoca a costa galega e parte do canto melismático solista local (Alalá), no que unha soa sílaba ou palabra se canta sobre varias notas. Concibida como unha sucesión de tres «apuntamentos» ou paisaxes sonoras, a escritura da peza é rica en texturas, capas contrastantes e resonancias suspendidas cunha melodía que flúe con liberdade, explorando o timbre do piano como vehículo de fonda expresión.

ANDRÉ CEBRIÁN / PEDRO MATEO GONZÁLEZ



Fotografía: eggmotion

André Cebrián, frauta
Pedro Mateo González, guitarra

CARTOGRAFÍA DO MAR

Leo Brouwer (1939)

Sonata núm. 1 «Mitología de las aguas» (2009)

Nacimiento del Amazonas / El lago escondido de los mayas /
El Salto del Ángel / El Güije (Duende) de los ríos de Cuba

Alicia Díaz de la Fuente (1967)

La tierra, los dioses, el Creador y los brujos
(1991)

Toru Takemitsu (1930-1996)

Toward the Sea (1981)

The Night / Moby Dick / Cape Cod

Norma Beecroft (1934-2024)

Tre Pezzi Brevi (1962)

Moderato, con energía / Lento ed espressivo / Allegro ma non troppo

Feliu Gasull (1959)

El Peixet de Bloomington (1986)

Robert Beaser (1954)

Mountain Songs (1985)

Barbara Allen / House Carpenter

9 DECEMBRO

20.30 h: Concerto
Sala Mozart
Auditorio de Galicia

O dúo formado por André Cebrián e Pedro Mateo González formouse no 2015 cando ambos músicos eran profesores no Conservatorio Superior de Música de Aragón (CSMA). Desde entón, ofreceron numerosos concertos cun repertorio especialmente composto para esta formación. Cabe destacar as estreas en España de *Bagatellen* de José María Sánchez-Verdú e da *Sonata núm.1 «Mitología de las Aguas»* de Leo Brouwer.

André Cebrián

Frauta solista da Scottish Chamber Orchestra e natural de Santiago de Compostela, iniciou os seus estudos con Luis Soto e Laurent Blaiteau, para despois continualos en París, Salamanca, Madrid, Detmold e Xenebra con mestres como Pablo Sagredo, János Bálint e Jacques Zoon. Tras pasar por orquestras de novos intérpretes como a OJSG, JONDE, Britten-Pears ou Gustav Mahler Jugendorchester, iniciou a súa carreira profesional nas Sinfónicas de Galicia, Tenerife e Asturias, a Real Filharmonía de Galicia, a Orquestra de Cadaqués, a da Comunitat Valenciana, a Orquestra Mozart, a Nacional do Porto ou a Staatskapelle Dresden. É convidado regularmente como solista en agrupacións como a Chamber Orchestra of Europe, BBC Scottish Symphony, Philharmonia Zürich, Royal Scottish National Orchestra, Spira Mirabilis, Sinfónicas de Castilla y León, de Galicia e Barcelona, a Filarmónica de Gran Canaria, Orquestra Simfònica del Gran Teatre del Liceu, Malaysian Philharmonic, a Orquestra Leonore, Real Filharmonía de Galicia, Orquesta de la Comunidad de Madrid, Dresden Staatskapelle, Scottish Chamber, Georgian Sinfonietta ou Filharmonia Zabrzeńska e colabora de forma asidua con directores como J.C. Spinosi, M. Emelyanychev, Z. Nagy, A. Posada, L. Marcelletti, V. Jurowski, M. Á. Gómez-Martínez, J. Carneiro, G. García-Calvo, J. Swensen, P. Meyer ou P. Whelan. Apaixonado da música de cámara, en 2019 fundou o Festival de Música de Cámara Anguiano (A Ríoxa) e cada temporada realiza numerosos concertos en festivais por toda Europa, a gran maioría co Azahar Ensemble, o Natalia Ensemble ou cun dos seus proxectos a dúo coa arpista Bleuenn Le Fric, o guitarrista Pedro Mateo González ou a pianista Irene Alfageme. Foi profesor de frauta e música de cámara no CSMA e actualmente ensina na Academia Barenboim-Said e no Royal Conservatoire of Scotland.

Pedro Mateo González

Pedro Mateo González actuou como solista coas Sinfónicas de Castilla y León, Illes Balears, Ciudad de Ibiza, Nacional de Ecuador ou ORTVE, dirixido por A. Bustamante, A. Posadas, A. Leaper ou L. Brouwer, e en salas como a Philharmonie de Berlín, Jordan Hall de Boston, Jerusalem Music Center, Auditorio Nacional de Cuba ou Auditorio de Zaragoza. Gravou para as radios nacionais de España e Alemaña e editou discos co selo Naxos (música de Brouwer) e con Eudora (*Sonatas para violín e guitarra* de Rebay; *Suites a solo* de Bach con miniaturas de Kurtág). Apaixonado da música de cámara, compartiu escenario con músicos como André Cebrián, José Manuel Losada ou Joaquín Riquelme. Participou en festivais festivais internacionais de guitarra como José Tomás, Coria, Ciudad de Elche, Miami Guitar Fest ou Weimarer Gitarre Verein, e gañou concursos como o Boston Guitar Fest 2009 e a 66ª Convocatoria de Juventudes Musicales de España. É profesor no Centro Superior Katarina Gurska e no Conservatori Superior dels Illes Balears, e ofrece clases maxistrais en centros como o Mozarteum de Salzburgo, o Real Conservatorio da Haia ou o Real Conservatorio de Madrid.



No seu concerto, Cebrián e Mateo presentan unha selección de obras mestras do século XX escritas para frauta e guitarra que convidan o oínte a mergullarse nas paisaxes da auga e as súas mitoloxías. Desde os ríos que nacen con forza desbordante ata os lagos segredos que gardan memorias ancestrais, a música conduce a fervenzas infinitas e seres fantásticos que habitan as correntes. O mar aparece como horizonte inmenso e espiritual, mentres lampos breves e transparentes evocan o seu fluír cambiante. O fluír entre o real e o imaxinario, e cantos populares que corren como regatos entre montañas. En cada páxina, a guitarra recolle esas voces líquidas e invita a escoitar como a auga se transforma en son.

Leo Brouwer desenvolveu un catálogo centrado na guitarra, sen esquecer outros xéneros, transitando entre o popular e o culto, a vangarda e a tradición. *Mitología de las aguas*, encargo do guitarrista Sef Albertz, é un paseo imaxinario polo Amazonas de *Los pasos perdidos* de Alejo Carpentier. Os movementos —inspirados no lago agochado dos maias, nas ferverzas e nos grandes saltos de auga como Tequendama, Iguazú ou o El Ángel— funcionan como referencias intertextuais que evocan imaxes naturais e culturais. Brouwer subliña que estes títulos non buscan describir paisaxes, senón suxerir caracteres que doten a interpretación dun alento máis orgánico, acorde coa estética do século XX. Así, *Nacimiento del Amazonas* recrea un ambiente acuático con ritmos irregulares e contrastes tímbricos; *El lago escondido de los mayas* alterna augas calmas e vivas con efectos como *frullato*, harmónicos e seccións semialeatorias que realzan o diálogo; *El salto del ángel* dá protagonismo ao silencio e á exploración tímbrica; e *El Güije de los ríos de Cuba* coloca o ritmo en primeiro plano, cunha cita a Schumann que enlaza tradición popular cubana e herdanza europea. Técnicas estendidas na frauta e a riqueza tímbrica da guitarra ofrecen unha experiencia complexa e suxestiva.

Alicia Díaz de la Fuente, unha das voces máis persoais da composición española actual, estudou no Real Conservatorio de Madrid e doutorouse en Filosofía. Formouse con mestres como Luis de Pablo, Sciarrino, Ferneyhough, Murail, Grisey ou Lachenmann, ademais de estudar con José Luis de Delás na Universidade de Alcalá e no IRCAM de París. A súa música destaca pola atención ao timbre e á resonancia, e pola construción de formas orgánicas a partir de pequenos xestos. *La tierra, los dioses, el Creador y los brujos* (1992) é unha breve pero intensa miniatura para frauta e guitarra que articula imaxes suxeridas polo título: a solidez da terra, a verticalidade do divino, a enerxía do creador e a maxia inestable dos bruxos. O discurso baséase en densidades e cores, con sons de aire, harmónicos, resonancias abertas e ataques apagados. A frauta aporta brillo mentres a guitarra sostén a estrutura grave e resoante. A forma evoluciona do rugoso ao luminoso e retorna a un clima de misterio, como un rito sonoro que se pecha sobre si mesmo.

Toru Takemitsu nunca se sometía a regras estritas: polemizaba co serialismo e seguiu un camiño propio. En *Toward the Sea* (1981), composta para Greenpeace na súa campaña Salvemos ás baleas e estreada coa participación de Leo Brouwer, estaba especialmente influído por Debussy, Messiaen e Cage. Deste último herdou a importancia do timbre, o silencio e o pensamento zen, reconciliándose coa tradición xaponesa e incorporando elementos do *biwa* e da estética oriental. A obra, homenaxe ao océano como forza creadora, consta de tres movementos de carácter contemplativo con referencias a *Moby Dick* de Melville, e inclúe no segundo unha pasaxe que asocia a auga coa meditación. O material baséase no motivo mi bemol-mi-la (SEA en notación alemá, «mar» en inglés), que percorre toda a partitura. A escrita para frauta evoca a *shakuhachi* xaponesa, con ornamentación e técnicas especiais, mentres que a guitarra achega unha sonoridade ampla e resoante. O resultado é unha música de sorprendente beleza, onde tradición e modernidade se funden nunha linguaxe poética, íntima e evocadora.

Norma Beecroft é unha das figuras máis influentes da música canadense da segunda metade do século XX, como compositora e promotora da nova creación do seu país a través da presidencia de Canadian Music Associates e Ten Centuries Concerts e da creación e dirección de New Music Concerts en Toronto, consolidando un impacto duradeiro na difusión da música contemporánea. Estudou con John Weinzweig, Copland, Foss e Petrassi, e frauta con Gazzelloni. En Darmstadt e Dartington entrou en contacto coa música de Maderna, Stockhausen e Cage, así como con Nono e Berio. Traballou no Instituto de Sonoloxía de Utrecht e no Columbia-Princeton Studio de Nova York con Davidovsky, explorando a música electroacústica. Entre as súas obras destaca *Tre Pezzi Brevi* (1961) para frauta e arpa, escrita para Gazzelloni, onde combina técnica serial e exploración tímbrica influída por Maderna e pola «forma de momentos» de Stockhausen. Estreada en Palermo e logo en Darmstadt, converteuse nun clásico contemporáneo do repertorio para frauta, valorado pola súa flexibilidade e capacidade de diálogo con instrumentos como piano ou guitarra. A obra anticipa o seu interese pola electrónica, que exploraría en pezas posteriores.

Feliu Gasull, formado no Conservatorio de Xenebra e na Universidade de Indiana (Bloomington), combina a interpretación coa composición e a docencia na ESMUC. O seu catálogo abrangue desde obras para guitarra soa ata creacións sinfónicas, corais, escénicas e instrumentais, con combinacións insólitas e unha linguaxe persoal que fusiona tradición clásica, flamenco, música mediterránea e influencias de Falla ou Villa-Lobos. *El peixet de Bloomington*, escrita orixinalmente para frauta e guitarra e dedicada ao seu mestre Joan Sant Martí, é unha homenaxe íntima á súa etapa formativa en EUA. A peza ofrece un diálogo estreito entre frauta —que achega melodías transparentes e evocadoras— e guitarra, que sostén con harmonías sutís e cores rítmicas características do autor. O resultado é unha música lírica que combina claridade académica e a naturalidade das raíces populares.

Robert Beaser destaca pola síntese entre tradición occidental e música popular norteamericana. Galardoadado con numerosos premios, recibiu encargos da New York Philharmonic ou da Chicago Symphony, e gravou para Argo, New World ou EMI-Electrola. *Mountain Songs* (1985), ciclo de oito movementos sobre melodías folk dos Apalaches, foi estreado no MoMA por Paula Robison e Eliot Fisk. Aínda que se basea en melodías tradicionais, Beaser transfórmaas en composicións orixinais sen repeticións estruturais, creando unha arquitectura musical que lembra o clasicismo, o romanticismo ou o impresionismo. No concerto interprétanse *Barbara Allen* —balada sobre unha moza que rexeita un pretendente e morre de pena tras o seu pasamento— e *The House Carpenter* —historia dunha muller que abandona o seu marido para seguir un amante e atopa a morte no mar—. Beaser mantén a esencia dramática destas baladas pero preséntaas cunha linguaxe rica, complexa e chea de forza rítmica.

VERTIXE SONORA



Pablo Coello, saxofón
Nuno Pinto, guitarra eléctrica
David Durán, piano
María Mogas, acordeón
Diego Ventoso, percusión
Iván Ferrer, medios electrónicos

SEMENTEIRA PARA CINCO MÚSICOS

13 XANEIRO

20.30 h: Concerto
Sala Mozart
Auditorio de Galicia

Estreas absolutas de:

Violeta Cruz (1986)
Sky Macklay (1988)
Tianyu Zou (1996)
Po Chien Liu (1988)

Vertixe Sonora

Desde a súa creación en 2011, Vertixe Sonora desenvolve unha intensa actividade con ciclos, residencias, festivais e xiras tanto en Galicia como no estranxeiro. Supera os 200 concertos ofrecidos, sempre abertos a todos os xéneros e ás artes sonoras, incorporando tamén actividades educativas, documentais, cine e propostas en diálogo coas artes visuais, a ciencia, o pensamento e a tecnoloxía. O seu compromiso coa creación contemporánea queda reflectido nas 247 estreas absolutas de 197 compositores de 45 países.

A súa programación diversa dinamiza o ecosistema musical europeo e favorece o intercambio e a cohesión a través da música actual. Proxectos como Música e Arte: Correspondencias Sonoras no CGAC, Do Audible —encontro entre música, ciencia e pensamento—, o Festival MIHLSonsXXI en Lugo, o Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea ou Latexos renovan e amplían os públicos en Galicia. É unha referencia para novas xeracións internacionais de compositores, que atopan no conxunto un espazo de excelencia artística e experimentación permanente.

Premio Martín Códax 2016 de Música Clásica Contemporánea, participa regularmente na Mostra Sonora de Sueca, Festival XXXVI Fundación Internacional de Compositores en Mallorca, Ciclo BBVA de Música Contemporánea en Bilbao, Festival SON en Madrid, Festival SMASH en San Sebastián, Festival Bernaola en Vitoria, así como conxunto residente do Festival MIXTUR en Barcelona e no XXVII Premio Novos Compositores Fundación SGAE_CNDM 2016 no Auditorio 400 do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía. O seu recoñecemento internacional garantiulle presenza constante en escenarios, festivais, ciclos de concertos fóra do Estado ou como conxunto residente en Alemaña (Oldenburg, Bremen), Suecia (Estocolmo, Gotemburgo), Portugal (Lisboa, Porto, Aveiro, A Garda, Castelo Branco), Francia (Brest), México (Monterrei, Guanajuato), Estados Unidos (Os Ánxeles) ou Italia (Cesena, Boloña).



A música que propón parte de xestos sinxelos, familiares: deixar caer grans, pedras, maízo de grixo, botar area ou salpicar a auga. Accións que nos conectan coa infancia e coa memoria táctil, transformadas en materia sonora que testemuña o paso do tempo. Como pingas ou regatos, os sons organízanse en puntos e liñas que evocan un ritual arcaico, á vez próximo e misterioso. É un discurso que nos mergulla no enigma da existencia, enraizándonos na terra e recordando que cada partícula mínima forma parte dun todo anterior a nós e destinado a perdurar. A través do son, exprésase a tensión entre a fragilidade e a resiliencia da vida na historia milenaria do universo.

Compositora e artista sonora de Bogotá, **Violeta Cruz** estudou na Universidade Javeriana de Colombia e no Conservatorio Superior de Música e Danza de París. A súa obra abrangue pezas instrumentais, electroacústicas e instalacións sonoras, así como «obxectos sonoros»: máquinas mecánicas de comportamentos rítmicos parcialmente aleatorios prolongados con sistemas electrónicos interactivos. A relación entre son e materia é o fío común do seu traballo, tanto na exploración da textura musical como na investigación de elementos cotiáns con dimensión simbólica, como a auga ou a luz. Participou no programa Cursus do IRCAM (2013-2014), onde estreou *God game: el nuevo mito de los Lemmings*, para violín e electrónica. As súas obras foron interpretadas en eventos como Quadrophonia Exposition (Francia), Festival Fabbrica Europa (Italia), Court-Circuit (Francia), Ensemble SurPlus (Alemaña) e Duo Sincronía (España). A súa traxectoria recibiu o apoio de institucións como a Fondation Internationale Nadia et Lili Boulanger, France Foundation, Fondation Salabert e Diaphonique.

Tianyu Zou formouse en composición no Conservatorio Central de Música de Pequín e na Hochschule der Künste Bern con Simon Steen-Anderson. A súa obra explora novas posibilidades musicais a través de tecnoloxías emerxentes e elementos interdisciplinares, movéndose entre o instrumental, o electroacústico, o audiovisual e o teatral. O seu traballo

investiga a percepción, a psicoacústica e os sistemas de memoria propioceptiva, e desenvólvese a partir da súa linguaxe persoal vinculada á escultura sonora e á paisaxe arquitectónica do son. A súa creación, influenciada tamén por fenómenos visuais, inspírase especialmente na arte escultórica do tempo e da luz.

Po Chien Liu, compositor taiwanés residente en París, explora a estética da sombra —como metáfora sonora e principio espacial— a través da resonancia e o ruído, o silencio e a presenza. Influído pola linguaxe visual da arquitectura e a caligrafía asiáticas, Liu traduce os contrastes de luz e sombra en estruturas musicais en capas, a miúdo integrando electrónica e vídeo para ampliar os seus espazos sonoros. Entre 2023 e 2024, foi compositor residente no Internationale Ensemble Modern Akademie (IEMA), estudou con Günter Steinke (Universidade de Folkwang) e Tzzy-Sheng Lee (Universidade de Chiao Tung) e recibiu o segundo Premio nos Días de Primavera de Weimar de 2024 e o primeiro no Festival Acht Brücken de 2023.

Sky Macklay, compositora e oboísta estadounidense, gañou o Premio Leo Kaplan (o primeiro premio do Premio Morton Gould ao Compositor Novo da Sociedade Americana de Compositores, Autores e Editores) en 2013 e 2016. Doutorouse en Artes Musicais con especialización en Composición pola Universidade de Columbia, Nova York, en 2018 e posúe títulos da Universidade de Memphis e do Luther College. É unha das fundadoras do Ghost Ensemble e foi profesora de Composición na Universidade de Valparaíso e no Instituto Peabody. A súa música, conceptual e expresiva, explora contrastes extremos, tonalidades surrealistas, procesos audíbles, humor e fisicidade do son. Moitas das súas pezas incorporan narrativas extramusicais, abordando temas como o desprazamento, os efectos secundarios dos anticonceptivos ou as tecnoloxías de reprodución asistida.

TRÍO ZUKAN



Gorka Catediano, percusión
Jon Ansorena, txistu
Maria Zubimendi, acordeón

URa

Abel Paúl (1984)

*Points and Latitudes** (2024) para acordeón
microtonal, txistu, percusión e electrónica

Betrand Chavarría-Aldrete (1978)

*Serehaganades** (2024) para txistu, acordeón
microtonal, percusión, voz e electrónica

Juan José Eslava (1970)

*Desprendida Voz** (2021) para txistu, acordeón,
percusión, elementos naturais, electrónica e
vídeo

Zuriñe F. Gerenabarrena (1965)

Harri, Haize, Harea (2021) para txistu, acordeón
microtonal, percusión e electrónica

3 FEBREIRO

20.30 h: Concerto
Sala Mozart
Auditorio de Galicia

*Encargo do Trío Zukan

Trío Zukan

O Trío Zukan nace en 2014, reunindo tres instrumentos pouco habituais nunha mesma formación: percusión, acordeón e txistu (fauta tradicional do País Vasco). Desde entón, compositores de prestixio nacional e internacional como Sánchez-Verdú, Zuriñe Guerenabarrena, María Eugenia Luc, Mikel Chamizo, Hugo Morales, Helga Arias, Evis Sammoutis ou Reyes Oteo escribiron para eles, conformando un repertorio de máis de 50 obras de estéticas diversas, desde o acústico ata o electrónico ou audiovisual. Este compromiso coa creación converteu o trío nunha das formacións con maior proxección en España e cunha crecente presenza internacional.

Actuaron en festivais como o Ciclo de Concertos do CNDM (2020), Quincena Musical de Donostia (2021), Ensems (2021), After Cage (2022-2024), Pharos Chamber Music International e Festival de Nicosia (2022), Le Vivier de Montréal (2022), Sound Spaces de Malmö (Suecia) ou o Festival de Música Contemporánea de Córdoba (2024). En 2019 publicaron o seu primeiro CD, *Soinuzko Begiradak-Toma 1*, con catro das primeiras obras escritas para esta formación, e en 2023 lanzaron un segundo álbum co selo IBS Classical con seis pezas de Eslava, Guerenabarrena, Luc, Sánchez-Verdú, Domínguez e Rodríguez. En 2022 recibiron o Premio do Instituto Vasco Etxepare pola súa proxección internacional. Ademais, nos últimos anos intensificaron o seu labor pedagóxico e divulgador mediante obradoiros, edición de partituras e unha plataforma dixital con contidos específicos. Zukan é hoxe un *ensemble* flexible e en continua reinvención, que integra novos instrumentos, tecnoloxías e conexións interdisciplinares, sempre coa innovación sonora como punto de partida. Todo iso, co fin de aportar novas formas de expresión e experiencias que supoñan un antes e un despois para o público no camiño de achegar a arte contemporánea á sociedade.



Ura (auga) é saúde, hidratación, hábitat e fogar dunha biodiversidade rica e variada; é un dereito básico e un pilar fundamental para o desenvolvemento sostible. A auga inflúe en todos os aspectos da nosa existencia, incluída a arte. Con esta proposta de concerto, Zukan pretende visibilizar a auga como recurso artístico desde diferentes perspectivas da creación. Pero non só iso: tamén formula unha reflexión sobre o seu uso e abuso na sociedade actual, sobre o consumo excesivo e habitualmente inxustificado, e as consecuencias negativas que pode traer para o planeta.

A primeira parte pon en valor a auga como elemento xerador e, sobre todo, transformador. A capacidade que a auga ten de crear, modificar e transformar as paisaxes que nos rodean trasládase ao plano sonoro a través das obras *Points and Latitude* do compositor Abel Paúl e *Serehaganades*, composta por Bertrand Chavarría-Aldrete, ambas en 2024.

Na peza, o son creado por instrumentos de percusión metálicos muda ao mergullarse na auga. As consecuentes alteracións da súa afinación crean paisaxes sonoras únicas, que son ampliadas a través da electrónica. Na segunda obra, a auga cumpre a súa función de maneira anticipada no proceso de creación de tres enormes cantos rodados, que son os elementos principais na base rítmica de *Serehaganades*; unha extensa composición na que as onomatopeas expostas polas voces dos instrumentistas e por outras borboriñadas polos altosfalantes xeran unha materia estrana axigantada por unha música que parece enrolarse e anular toda direccionalidade, como se a intencionalidade recaese, por exemplo, no rabuñado do güiro. Ese continuo soar de madeira resgada xunto co duns instrumentos que parecían respirar pesadamente é lentamente incardinado cunha rara e atractiva poesía fonética.

Desprendida Voz de Juanjo Eslava, achéganos á fraga navarra de Urbasa (Fraga de auga). Esta peza combina a utilización de instrumentos convencionais, con electrónica, vídeo e elementos naturais que proveñen de «Ur-Basoa», como cascas de faia, follas secas e diferentes pedras. A

auga deixa de ter unha conexión física co son para converterse no sustento do concepto da obra: o recurso indispensable para que «o reino terreal e o reino dos ceos poidan conectarse a través de seres máxicos», as árbores, que unha vez mortas se desprenden das súas cascas e nos deixan escoitar a súa voz.

O concerto remata con *Harri, Haize, Harea* (Pedra, aire, area) de Zuriñe Gerenabarrena, onde o timbre é o elemento primordial, traballado desde a particularidade dos instrumentos sós ou en trío. É unha obra en constante cambio, na que a electrónica funciona como un instrumento máis. A erosión que transforma a pedra en area e de novo en pedra serve de metáfora creativa. Os tres intérpretes expándense e recompoñen, alternando roles para crear un magma colectivo en continua evolución. Encargada polo Trío Zukan, a peza explora a singularidade de cada músico e o seu virtuosismo. A enerxía, entendida como forza, tensión e movemento, ocupa un lugar central. Para a autora, o lume é o elemento xerador, símbolo da intensidade das interpretacións do Zukan. A inclusión dun altofalante xunto a cada instrumentista funciona como sombra sonora, permitindo xogar co dobre, coa refracción e co diálogo entre instrumentos e electrónica, desde unha visión actual que non esquece a tradición.

MÚSICA PRÁCTICA / ABRAHAM CUPEIRO



Fernando Buide, piano
Alejandro Sanz, percusión
Regina Laza, violín
Manuel Lorenzo, violoncello

CONSTELACIÓNS DE AUGA

Karlheinz Stockhausen (1928-2007)

Do ciclo *Tierkreis* (1974-1975)

Piscis / Escorpio / Cáncer

Caroline Shaw (1982)

Thousandth Orange (2020)

Fernando Buide del Real (1980)

A constelación de Saxitario (2024)

10 MARZO

20.30 h: Concerto
Sala Ángel Brage
Auditorio de Galicia

Música Práctica

Baseado nun enfoque artístico versátil e amplo, Música Práctica é un *ensemble* que adapta a súa estrutura a proxectos concretos. O seu foco encóntrase na música de creación actual, abordando un abano estilístico extenso. Entre as súas iniciativas anteriores, poden atoparse desde un concerto de compositores españois e estadounidenses a proxectos didácticos interdisciplinares. Naceu como iniciativa conxunta do compositor Fernando Buide e membros da Orquestra Sinfónica de Galicia e tivo a súa presentación como conxunto nun festival internacional na Quincena Musical Donostiarra.

Abraham Cupeiro

O multiinstrumentista Abraham Cupeiro dedica a súa carreira a recuperar instrumentos perdidos no tempo para crear novas sonoridades e vincularlos con músicas que lles eran alleas. Formouse en trompeta no RCSMM e completou un mestrado en Interpretación da Música Antiga na Universidade de Barcelona. Aínda que a súa formación é clásica, desde moi novo mostrou interese por todo tipo de estilos, participando en grupos de folk, jazz e música antiga. Destaca por ser unha das poucas persoas que interpreta o *karnyx* (trompeta celta da Idade de Ferro), ata o punto de ser convidado en 2004 a probar o de Tintignac, o único exemplar ben conservado. Tamén é impulsor da corna, instrumento ancestral da tradición galega desaparecido a mediados do século XX —a que toca foi atopada por Carlos Tallón na espesura dunha fraga—. O seu interese pola organoloxía levouno a reunir unha colección de máis de 200 instrumentos de distintas épocas e lugares, que presenta en formato concerto-monólogo baixo o título *Resoando no pasado*.

Ademais de recuperar e construír instrumentos, intégralos en creacións propias e en músicas actuais, combinándoos con formacións modernas. Así ocorre no disco *Compromiscuo*, xunto ao acordeonista bielorruso Vadzim Yuhnevich, ou en obras escritas para el, como o *Concierto Misterio* de Wladimir Rosinsky coa OSGA. A súa discografía arrinca co álbum *Os sons esquecidos* (Warner Classics, 2017), gravado coa Real

Filharmonía de Galicia e presentado con diversas orquestras en España, Europa e América. Seguiron *Pangea* (Warner Classics, 2020), con colaboración da Royal Philharmonic Orchestra, e *Mythos* (Loira Records, 2024), tamén con esta prestixiosa formación.

Cupeiro actúa regularmente con importantes orquestras nacionais e internacionais —Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Mahler Chamber Orchestra, Filarmónica de Gran Canaria, Orquestra Sinfónica de Bilbao, Orchestre National de Bretagne, Kymi Sinfonietta, Vaasa City Orchestra...— e con solistas de sona, como a violinista Patricia Kopatchinskaja, coa que traballou no proxecto *Les Adieux*. Compuxo a banda sonora da película *María Solinha*, colabora coa compañía 14th Street Music do oscarizado Hans Zimmer e participa habitualmente nos desfiles de Adolfo Domínguez, realizando performances en directo. Tamén forma parte de Neuston 3, un proxecto de divulgación científica que busca sensibilizar sobre a importancia dos océanos nas nosas vidas.



Este programa traza un itinerario sonoro no que a auga aparece como símbolo de fluidez e transformación. Stockhausen achéganos aos signos de auga, cuxas melodías evocan sensibilidade, intensidade e protección, como correntes emocionais en constante movemento. Caroline Shaw, en *Thousandth Orange*, transforma a luz en reflexo líquido, un instante suspendido entre o sensorial e o contemplativo. Na peza *A constelación de Saxitario*, Buide despraza a mirada cara ao cósmico convertendo a auga en río estelar, un leito que enlaza a escoita íntima coa inmensidade do universo. Do interior ao astral, o programa invita a atravesar augas diversas: emocionais, perceptivas e celestes.

Tierkreis (Zodiaco) é un ciclo rematado en 1975 por **Karlheinz Stockhausen** a partir de doce melodías para percusión e caixiñas de música —orixinalmente foi parte da obra *Musik im Bauch*—, cada unha dedicada a un signo zodiacal. Estas miniaturas, de aparencia sinxela e

carácter *cantabile*, contrastan coa complexidade técnica habitual do compositor e convertéronse nunha das súas obras máis interpretadas e versionadas. Stockhausen apuntou: «cando me interesei polas doce personalidades do zodíaco, ideei unha melodía asociada a cada una a partir da natureza dos nenos, amigos e coñecidos que naceran baixo cada signo. O estudo profundo dos tipos humanos permitíume asignar a cada melodía unha serie de medidas e proporcións que harmonizasen con esas personalidades segundo o seu signo astrolóxico». Concibiu *Tierkreis* como un material aberto e flexible para calquera instrumentación, desde solistas a conxuntos amplos, e en duracións variables. As instrucións suxiren comezar pola melodía correspondente ao signo do día do concerto, repetir cada peza un mínimo de tres veces e enriquecela con variacións e, incluso, improvisacións; así, a obra adquire un carácter ritual, que conecta co simbolismo astrolóxico e coa experiencia do tempo. Os signos de auga —Cáncer, Escorpio e Piscis— destacan polas súas melodías de contorno máis introspectivo e fluído, en contraste coa enerxía máis rítmica doutros signos. *Cáncer* presenta un motivo de intervalos pechados e repetitivos, que evoca un movemento ondulante, como un fluxo constante. *Escorpio* desprega unha liña máis incisiva e cromática, con xiros abruptos que suxiren tensión e misterio. *Piscis*, pola súa parte, ofrece unha melodía ampla e flexible, de carácter soñador, case meditativo, que remite a un espazo sonoro máis contemplativo. Estas pezas, como as demais do ciclo, permiten lecturas moi distintas: desde a fidelidade literal á melodía orixinal hasta versións con gran liberdade interpretativa. Nesta ocasión, *Tierkreis* preséntase con esta formación que ofrece unha paleta tímbrica especialmente rica na que o violín achega claridade melódica e brillo mentres o violoncello reforza a expresividade lírica e a percusión introduce tanto colorido rítmico como resonancias sostidas. O piano actúa como eixe harmónico e tímbrico, capaz de dobrar, contrastar ou expandir as liñas; a combinación instrumental permite dar vida ás melodías zodiacais cunha textura transparente e ao mesmo tempo intensa, resaltando a calidade ritual e simbólica desta obra.

Caroline Shaw é unha compositora, violinista e produtora estadounidense que se move entre roles, xéneros e medios. Estudou nas universidades de Rice e Princeton, foi nomeada doutora Honoris

Causa pola de Yale e gañou o Premio Pulitzer de Música e varios Premios Grammy. As súas composicións son estreadas por solistas e agrupacións de todo o mundo e colabora con artistas de calquera xénero musical como Kanye West ou Rosalía. *Thousandth Orange* foi composto como un cuarteto con piano no que o sinxelo se transforma nunha experiencia sonora rica e cambiante. A obra parte dunha progresión harmónica clara e estable no piano, sobre a que as cordas tecen variacións, desprazamentos rítmicos e contrastes tímbricos. A súa estrutura lembra á chacona: un mesmo motivo regresa continuamente, revelando novos matices cada vez. Shaw xoga coa repetición para amosar detalles ocultos e transformar o cotián en descubrimento, invitando a descubrir cores, texturas e matices ocultos de cada interpretación. *Thousandth Orange* pode imaxinarse como o fluír da auga que, ao golpear sempre a mesma roca, nunca o fai igual: onda tras onda, variación tras variación, transforma a percepción e a escoita. A autora sostén que «mentres pensaba no meu amor polos cuartetos con piano de Brahms e na memoria de tocalos —e, en xeral, en como as nosas lembranzas da música querida evolucionan co tempo— comecei a reflexionar sobre a historia dos cadros de natureza morta [...] aparentemente fermosos e banais á primeira ollada, pero despois máis ricos cando se consideran dentro da longa tradición de seres humanos pintando unha e outra vez aquilo que ven. [...] Van aparecendo novos ángulos —novas perspectivas e recunchos e historias, máis comprensión— máis apreciación de algo que a maioría consideraría pouco destacable. *Thousandth Orange* trata destas pequenas revelacións oblicuas que o filtro do tempo pode abrir nunha memoria musical. O título tamén suxire mil diferentes matices da cor laranxa, ou a imaxe de mil laranxas, ou quizais mil maneiras de mirar para unha laranxa».

Fernando Buide, recoñecido compositor e intérprete compostelán, comezou os seus estudos no Conservatorio da súa cidade e máis tarde no de Oviedo, para continuar a súa formación na Universidade Carnegie Mello (Pittsburgh) e obter o seu doutoramento pola Universidade de Yale, onde foi docente. A súa produción musical abrangue todos xéneros a través dunha traxectoria marcada pola diversidade estilística e a procura dunha linguaxe que combina a complexidade técnica coa claridade expresiva. Adoita recibir encargos de orquestras, festivais e institucións e

as súas obras son interpretadas en auditorios de referencia tanto en España como no estranxeiro por formacións internacionais —como a Orquestra de Filadelfia, Sinfónicas de Pittsburgh e de Minnesota— e polas principais agrupacións do Estado, entre elas a ONE, a JONDE, a RFG ou a OSGA.

A constelación de Saxitario é un encargo da Quincena Musical Donostiarra e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, estreada por Abraham Cupeiro e Musica Práctica en 2024 en Donostia. Buide, crea unha peza especificamente pensada para o multiinstrumentista Cupeiro, quen fai soar varios dos instrumentos que foi recuperando. Como o arqueiro Saxitario, que reconstruímos simbolicamente no ceo nocturno, os instrumentos de Cupeiro reimaxinan un universo sonoro ao que estiveron vencellados os nosos antepasados. A obra destaca pola súa exploración sonora mediante instrumentos reconstruídos como o *karnyx* (trompeta celta) o *aulos* grego e o *cornu* romano, fusionados con violín, violoncello, percusión e piano. Tamén se escoitarán obxectos como as buguinas mariñas, presentes en tantas culturas sonoras. Sen solución de continuidade, cada sección da obra explora estas diferentes resonancias afastadas no espazo e no tempo. Esta constelación sonora tecerá un fresco que permitirá facer resoar no oínte un mundo perdido e agora recobrado.

PLURALENSEMBLE / FABIÁN PANISELLO



Fotografía: Silvia Gómez Cisneros

Fabián Panisello, director

NIEVE SOBRE NIEVE

Mercedes Zavala (1963)

Nieve sobre nieve (haiku) (2005)

Variaciones en blanco (2008)

Un pájaro en el jardín (2004)

Sin pájaros (Helada) (2025)

Implacable Ice (2012)

*Omen, exilio para flauta baja** (2020)

Desvío (2015)

Bipolar (2022)

Cual (Un ciervo en el desván) (2024)

*Estrea en España

13 ABRIL

20.30 h: Concerto
Sala Mozart
Auditorio de Galicia

PluralEnsemble

PluralEnsemble é un conxunto especializado na música dos séculos XX e XXI, fundado polo compositor e director Fabián Panisello, o seu titular. Coa procura constante da máxima calidade interpretativa, desenvolve cada ano unha tempada estable de concertos e xiras nacionais e internacionais, alternando o repertorio máis relevante do século XX con numerosas estreas, especialmente no marco do Ciclo de Concertos Fundación BBVA de Música Contemporánea.

Ao longo da súa traxectoria presentouse con grande éxito de crítica e público nos principais festivais internacionais, entre eles New Music Week (Xangai), Sound Ways (San Petersburgo), Música (Estrasburgo), Atempo (Caracas), Présences (París), Ars Musica (Bruxelas), Manca (Niza), Spaziomusica (Cagliari), Aspekte (Salzburgo), IFCP Mannes (Nova York), Festival de Música (Alacante), Quincena Musical (Donostia), o ciclo da WDR (Colonia), Nous Sons (Barcelona), Festival de Outono (Varsovia), Ultraschall e Konzerthaus (Berlín), ou Klangspuren Schwaz (Tirol), entre outros.

Colaborou con artistas de prestixio internacional como Peter Eötvös, Salome Kammer, Cristóbal Halffter, Marco Blaauw, Jörg Widmann, Dimitri Vassilakis, Nicholas Isherwood, Holger Falk, Alda Caiello, Allison Bell, José Manuel López López, Nicolas Altstaedt, Zsolt Nagy, Jon Ketilsson, Pablo Márquez, Charlotte Hellekant, Matthias Pintscher, Hansjorg Schellenberger, Tadeusz Wielecki, Lorraine Vaillancourt, Natalia Zagorinskaya, Peter Csaba, Johannes Kalitzke, Hilary Summers ou Toshio Hosokawa, entre moitos outros.

Ademais, realizou numerosas gravacións para emisoras de radio europeas e rexistros discográficos para selos como Col legno, Columna Música, Verso, Cervantes, IBS e NEOS.

Fabián Panisello

Fabián Panisello compaxina as facetas de compositor, director e profesor ao máis alto nivel, e é amplamente recoñecido polas súas interpretacións de referencia da música dos séculos XX e XXI. Fundador e director do PluralEnsemble, estreou obras de numerosos compositores destacados da creación contemporánea e actuou en festivais de prestixio como Donaueschingen, Bienal de Venecia, Outono de Varsovia, Wien Modern, Présences ou Ars Musica, entre outros.

Na tempada 2024-2025 dirixe o ICP (Israel), o Cantus Ansambl (Croacia) e debuta coas Tonkünstler Orchester e coas sinfónicas de Galicia, Euskadi e Savaria (Hungría). É catedrático de Composición na Escuela Superior de Música Reina Sofía e profesor convidado en institucións como a Royal Academy of Music, a Eötvös Foundation, a Jerusalem Academy ou o China Conservatory. Formouse en composición no Mozarteum de Salzburgo e en dirección con Peter Eötvös.

A súa música, descrita por Stockhausen como «chea de ideas, intensa e rebordante de enerxía», é interpretada por conxuntos como o Cuarteto Arditti, o Ensemble Modern e orquestras como a OCNE, BBC, DSO, SWR, RTVE ou a Tonkünstler. Nos últimos anos estreou as óperas *Le Malentendu* e *Les Rois Mages*, presentadas en Viena, Niza, Berlín, Bos Aires, Tel Aviv e Madrid, así como *Die Judith von Shimoda*, encargo do Festival de Bregenz e distinguida como Mellor Estrea 2024 polo Österreichischer Musiktheaterpreis.

Na actualidade estreou obras como o *Concierto de Trompa* (R. Vlatkovič, Nielsen, RTVE), *Seven Japanese Sketches* (R. Ortega, Amaryllis Quartett), *L'âge de la raison* (P. Corrado, Syntax, Milán) ou *Written in Blue* (M. Blanco, Z. Nagy, Sinfonietta ESMRS). É compositor residente en Grafenegg e publica as súas obras en Peters Edition.

Mercedes Zavala

Foi profesora titular de Harmonía no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid e pianista do Grupo Secuencia, onde explorou os aspectos teatrais e sociolóxicos da interpretación musical e a improvisación, interpretando as súas propias obras en España, Viena e Estados Unidos.

Na década de 2000 implicouse na investigación de estudos de xénero, colaborou con RNE, presidiu durante tres anos a Asociación Mujeres en la Música e incorporouse ao Consello do Instituto de Investigaciones Feministas da UCM. Foi tamén profesora de Composición e Música do século XX no Conservatorio Profesional Teresa Berganza de Madrid, onde dirixiu o departamento de Composición durante unha década.

A súa traxectoria como compositora é sólida e recoñecida: é convidada con frecuencia a formar parte de xurados e a impartir obradoiros de composición. Os seus proxectos inclúen encargos e colaboracións en Dinamarca, Italia, España, Australia e Estados Unidos. O seu catálogo abrangue desde música de cámara e orquestral ata obras educativas e teatro musical, cunha marcada influencia da literatura, fonte fundamental da súa inspiración creativa.



«*Nieve sobre nieve* presenta unha visión de conxunto das miñas composicións dos últimos vinte anos, que comparten unha serie de claves poéticas e aspectos relacionados coa auga ou coa súa ausencia. Non son obras descritivas —non o é en xeral a miña música— pero si parto frecuentemente de figuras poéticas e de referencias literarias.

O haiku para piano *Nieve sobre nieve* (2005, «Sobre la nieve cae la nieve. Estoy en paz»), introduce ben á poética de *Variaciones en blanco*, sobre a obra do mesmo título de Ada Salas, poeta con cuxos textos teño

traballado en máis dunha ocasión. Encargo en 2008 do PluralEnsemble, marca o principio dunha frutífera relación co grupo da que é debedor este concerto.

O bloque seguinte estrutúrase arredor dunha obra inspirada na novela de Thomas Bernhard, *Helada*, fondo sobre o que se constrúe a desolada música de *Sin pájaros, para viola y piano*, encargo da Fundación Ibermúsica para a súa temporada 2024-2025. Vén precedida doutro haiku *Pájaro en el jardín* («Pájaro en el jardín: saltitos cortos sin decir ni pío») e resolve de xeito algo máis optimista en *Implacable Ice*, un encargo da pianista Antonietta Loffredo en 2012 para o proxecto internacional Antartica; aquí o xeo revélase como unha forza da natureza na que sorprendentemente, e a pesar da súa dureza, tamén abre camiño a vida.

Máis aló destas resonancias literarias encóntrase *Omen* (Presaxio), exilio para flauta baja, un encargo do Festival Midt i Mars, Dinamarca, onde foi estreada en 2021. Foi composta durante o confinamento da pandemia e será interpretada por primeira vez en España.

As tres obras seguintes despregan de novo referencias literarias e acuáticas. *Desvío* (encargo do Grupo Enigma en 2015) parte dunha pasaxe da segunda parte do *Quixote*: Os seus desvaríos están presentes na narrativa da peza, así como a idea de leito desviado: ás veces as ideas musicais non levan onde parecen conducir; outras, mantéñense obstinadamente ata as súas últimas consecuencias. En todo iso, xoga un papel crucial o piano, que encarna o solipsismo do peculiar cabaleiro andante, remedando ao inicio os seus pasos sobre a seca meseta manchega.

O título *Bipolar* (2022, encargo do Zahir Ensemble) debe entenderse nun dobre sentido: por un lado, a condición psicolóxica que resulta dunha oscilación anímica extrema; por outro, o traballo realizado arredor de diferentes polos ou eixes xa sexan de alturas, de xestualidades, dinámicas, densidades, que incluso opoñen nun momento dado dous universos musicais provenientes de obras miñas en confrontación.

Chantal Maillard titula a súa poesía reunida *Lo que el pájaro bebe en la fuente y no es el agua*. De certo, a frase sintetiza as obsesións que subxacen no imaxinario poético e musical que conforma as obras deste programa. *Cual (Un ciervo en el desván)* é un crisol de referencias poéticas, teatrais e musicais que proveñen do faiado da miña memoria persoal. Estrutúrase a partir da obra teatral do mesmo título de Chantal Maillard, en diálogo con fragmentos do *Pierrot Lunaire* de Schönberg, a quen rende tributo, así como con outras obras de repertorio do PluralEnsemble (con alusións a pasaxes de Feldmann, Eisler, Donatoni ou Panisello, entre outros). Encargo do INAEM en 2024 para a xira nacional do PluralEnsemble baixo a dirección de Fabián Panisello, está dedicada a el como homenaxe no XXX aniversario do seu encomiable e influente labor a cargo do grupo».

Mercedes Zavala

NACHO MUÑOZ / SOL ÁLVAREZ



12 MAIO

20.30 h: Concerto
Sala Mozart
Auditorio de Galicia

Nacho Muñoz, pianista, compositor e produtor
Sol Álvarez, fotógrafa e videógrafa

COMPOSTELA IN-AUDITA
Meditacións sonoras urbanas

Nacho Muñoz

O traballo de Nacho Muñoz, tamén activo baixo os pseudónimos madamme cell ou Parkour Sonoro, transita entre a música electrónica, a contemporánea experimental e o son no espazo público. Creador da ópera *OFF Opera Forte Fonética*, compón música para filmes, series, curtametraxes, documentais ou vídeo-arte, así coma espazos sonoros para espectáculos de danza, teatro e circo. Suma unha ducia de discos publicados baixo o seu nome en UK, Grecia, Italia, España, Portugal e Galiza. Produtor musical de Mercedes Peón, Uxía Senlle ou Ecléctica Ensemble, foi coordinador do Espazo de Residencias Artísticas Alga Lab en Vigo, director da iniciativa sobre arte e medio rural Verbenas Periféricas e membro do colectivo Galiza Emocional, co que na actualidade promove diferentes prácticas artísticas en barrios e parroquias da Península Ibérica.

Sol Álvarez

Sol Álvarez é fotógrafa e videógrafa cunha traxectoria centrada na creación cultural, documental e escénica. Formada en Belas Artes, Fotografía Artística e Documental, Deseño e Xestión Cultural, colabora con diversas compañías de teatro, circo e danza desenvolvendo imaxe, *teasers* e creación audiovisual para proxeccións e vídeo en directo. Forma parte do Colectivo Galiza Emocional, onde promove proxectos de participación cidadá e recuperación da memoria a través da imaxe e do son, con obradoiros de cianotipia, paseos sonoros e mapas emocionais. Tamén é docente de fotografía en escolas de arte públicas e na Escola Unitaria. A súa práctica combina creatividade e sensibilidade documental, poñendo en valor a memoria, o territorio e o traballo da muller.



Compostela In-audita é un proxecto de escoita, documentación e transformación artística do patrimonio sonoro contemporáneo de Santiago de Compostela, materializado nun concerto audiovisual de 60 minutos elaborado a partir de imaxes e sons específicos das rúas e parroquias de Santiago, recollidos durante unha Residencia Rega no Gaiás no 2022.

A proxección deste filme sonoro vai acompañada no concerto coa música do propio Nacho Muñoz (electrónica e voz) e coa vídeo-realización ao vivo da videógrafa Sol Álvarez.

A iniciativa enmárcase dentro do proceso de investigación artística sobre son e espazo público denominado Sonic Parkour, desenvolvido por Nacho Muñoz ao longo destes últimos anos, que explora como nos relacionamos co territorio a través da súa paisaxe sonora, transitando de xeito transversal por diversas disciplinas como antropoloxía, urbanismo, arquitectura, espazo público, arte sonora, patrimonio inmaterial, artes urbanas, artes visuais, cinema ao vivo, video-arte, *walking art*, acusmática ou acústica. Con esta orixinal recreación musical do imaxinario sonoro de Santiago, propomos pois unha abordaxe á súa identidade e espiritualidade a través da súa escoita, atendendo ás especificidades sonoras de cada lugar e ás sensacións auditivas que definen as distintas localizacións elixidas.



COLECTIVO GÁLIZA EMOCIONAL / NACHO MUÑOZ / SOL ÁLVAREZ / MARCOS PTT



23 MAIO

11.00 h e 12.30 h:
Paseo acústico
polo Sarela

Colectivo Galiza Emocional, dinamización e
coordinación
Nacho Muñoz, músico
Sol Álvarez e Marcos PTT, demiúrgo

SARELA CAUDAL SONORO
Un paseo acústico

Desde a Ponte do Carme até o Muíño de Parente
(aproximadamente 75 min). Máximo 20
persoas en cada paseo previa inscrición en
compostelacultura.gal

Colectivo Galiza Emocional

A auga é vida, memoria e transformación. O Sarela foi alimento e motor do lecer, da vida e da economía de Compostela, desde que a cidade era tan só unha pequena vila, servindo de testemuña silenciosa do paso do tempo... Mais isto tan só é unha frase feita. Porque o Sarela é de todo menos silencioso. O seu constante borboriñar define a súa contorna, é ese son o que imos amplificar e redescubrir nestes paseos sonoros en vivo realizados polo Colectivo Galiza Emocional. Cunha importancia económica e industrial moito menor na actualidade, vemos estes lugares como zonas residenciais periféricas ou áreas de lecer para descansar do asfalto. Pero o Sarela reborda moita máis vida da que se ve a simple vista. Nas súas beiras garda segredos, intimidades e a pegada do tempo. Nestes paseos seguiremos un itinerario por fontes, lavadoiros, aceas ou canais de rega, lembrando a importancia que as infraestruturas fluviais do Sarela tiveron para esculpir a moderna Compostela. Revelarase, ao longo do paseo, o xeito no que as comunidades aproveitaban os recursos naturais, e a necesidade actual de coidar deles. Non convén dar por feita a auga: preto de 2.200 millóns de persoas continúan sen acceso á auga potable.



Sarela Caudal Sonoro consiste nun paseo sonoro amplificado que permite a escoita atenta e consciente das múltiples formas de auga, vida, paisaxe e memoria existentes na contorna do río Sarela. A experiencia é inmersiva: mediante un sistema *Silent Disco* de alta calidade, captaremos e transformaremos en directo os sons do percorrido, creando unha peza sonora única en cada ruta. Para iso, empregaremos distintas técnicas e dispositivos de captación de audio, como micrófonos binaurais, cardioides, xeófonos ou hidrófonos. Pero máis aló do tecnolóxico, o obxectivo é evocar emocións. O percorrido está deseñado para conectar coa memoria do lugar, a través das súas ruínas, casas e lavadoiros. Unha persoa guía o grupo, propoñendo dinámicas e xerando contrastes poéticos co escoitado. As persoas paseantes atoparanse con breves intervencións artísticas, en forma de instalación, performances ou

música, así como con testemuñas da veciñanza: durante a creación do proxecto, falaremos con habitantes e persoas da zona para incorporar historias presentes e lembranzas que enriquezan a experiencia. Deste xeito, mantemos a identidade do noso colectivo: combinar a emoción que habita no territorio e a creación sonora contemporánea coa divulgación da historia e o presente do territorio. Para loitar por un futuro que pague a pena.



PULSO ENSEMBLE



31 MAIO

12.30 h: Concerto
Sala Mozart
Auditorio de Galicia

Sara Méndez, saxos
Pedro González, violín e multimedia
María Domínguez, piano e teclados
Pablo Paz, percusión

LABORATORIO SONORO INCLUSIVO

Pulso Ensemble

Pulso Ensemble nace no ano 2019 como continuación do proxecto Container Galicia. Centrado na música experimental de nova creación, Pulso aposta por un discurso articulado arredor da contemporaneidade e a relación entre o individuo e a revolución dixital. Os integrantes de Pulso participan nos principais festivais europeos dedicados á música de nova creación, traballando con algúns dos compositores máis importantes da escena internacional como Michael Beil, Simon Steen-Andersen, Alexander Schubert, Stefan Prins, José Manuel López López, César Camarero, Fritz Hauser, François Sarhan ou Marko Ciciliani. O equipo está formado por María Domínguez (piano e teclados), Pablo Paz (percusión), Pedro González (violín, composición e dispositivos electrónicos) e Sara Méndez (saxofón).



O Laboratorio Sonoro Inclusivo é un espazo no que a música contemporánea dialoga con múltiples miradas e sensibilidades. Este proxecto pedagóxico busca tender pontes entre sons, persoas e comunidades, achegando a creación artística a quen, por distintas circunstancias, poden estar á marxe dos escenarios habituais, como persoas con diferentes capacidades e outras socialmente vulnerables. Pulso Ensemble guiará as persoas participantes nun percorrido sonoro que combina escoita, experimentación e diálogo.

Cada obradoiro convértese nun lugar de descubrimento onde os sons son ferramentas de expresión, encontro e transformación. A proposta fundaméntase na sensibilización cara á diversidade, a exploración de prácticas sonoras contemporáneas e a creación artística colectiva, respectando sempre as expectativas e realidades de cada participante. O laboratorio procura fomentar o encontro entre músicos, comunidades e público, achegando a música contemporánea a quen rara vez participa neste tipo de experiencias.

A través da creación compartida, constrúese un proxecto vivo que culmina nun espectáculo que reflicte a riqueza de voces e sons de todas as persoas participantes. O Laboratorio Sonoro Inclusivo é, en esencia, un espazo no que a música se vive e se comparte, transformándose en ponte entre persoas, mundos e experiencias.

CON
TEM
PORÁ
NEAS

INFORMACIÓN SOBRE ACCESO

Todos os concertos son de balde previa retirada de convites, dispoñibles en:

—compostelacultura.gal

—Na Zona C · Punto de Información Cultural (rúa do Preguntoiro, 1). Aberta de martes a sábado, de 11 a 14 horas e de 16 a 19 horas

—No Auditorio de Galicia, dende unha hora antes do comezo de cada evento

A participación nos paseos Sarela Caudal Sonoro precisa inscrición previa a través do formulario dispoñible en compostelacultura.gal

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida Burgo das Nacións s/n
981 552 290

ADVERTENCIA

A información contida neste folleto podería experimentar modificacións. Recoméndase contrastala na web compostelacultura.gal para estar ao tanto das posibles actualizacións

INSTAGRAM

@compostelacultura

FACEBOOK

CompostelaCultura

X

@CCultura